

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL CAMPO LAMEIRO

Ordenanzas e Regulamentos

ORDENANZA DE TRANSPARENCIA E DO BO GOBERNO

ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA APROBACIÓN ORDENANZA DE TRANSPARENCIA E DO BO GOBERNO DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.

Expediente: APROBACIÓN ORDENANZA DE TRANSPARENCIA E DO BO GOBERNO DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.

Trámite: Anuncio de elevación a definitivo do acordo de aprobación inicial.

O Pleno do Concello, na súa sesión do 30-10-2015 aprobou inicialmente o texto da ORDENANZA DE TRANSPARENCIA E DO BO GOBERNO DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.

Non se presentaron alegacións durante o prazo conferido ao efecto (BOP nº 234, de 03-12-2015), polo que se entende elevado a definitivo o acordo de aprobación ata agora inicial, de conformidade co sinalado no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Polo tanto, e segundo o art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procédese á publicación do texto íntegro da modificación da ordenanza definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei:

APROBACIÓN ORDENANZA DE TRANSPARENCIA E DO BO GOBERNO DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Considerando o interese que supón para o Municipio a aprobación da Ordenanza municipal reguladora da Transparencia e do bo goberno do Concello de Campo Lameiro.

Visto o informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a aprobación da referida Ordenanza.

Visto o proxecto elaborado polos Servizos Municipais de Ordenanza municipal reguladora da Transparencia e do bo goberno do Concello de Campo Lameiro, solicitado por Providencia de Alcaldía.

O Pleno do Concello, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, , previa deliberación, por maioría, con cinco votos a favor dos/as concelleiros/as do Grupo do Partido Popular; e dous votos en contra, dos /as concelleiros/as do Grupo do Partido Socialista (PSG-PSOE) acorda:



PRIMEIRO. Aprobar a Ordenanza municipal reguladora de Transparencia e bo goberno do Concello de Campo Lameiro, nos termos que figura no expediente e coa redacción que se recolle de seguido:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transparencia e a súa consecuencia práctica, a participación, son dous principios fundamentais nos estados modernos. A Constitución española incorpóraos ao seu texto en forma de dereitos, algúns deles fundamentais e, polo tanto, da máxima importancia e protección.

O contexto social e tecnolóxico dos últimos anos non fixo senón demandar con máis forza estes dereitos, garantidos por Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que regula o dereito de acceso a arquivos e rexistros. Estes dereitos teñen, así mesmo a súa plasmación no artigo 6.2 da Lei 11/2007 do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, cuxa disposición final terceira refírese especificamente ás administracións locais, e na Lei 7/1985 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

No ámbito económico e orzamentario o principio de transparencia recóllese expresamente no artigo 6 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

O Concello de Campo Lameiro é consciente da importancia da transparencia das administracións públicas, para iso ten como obxectivo facilitar e incrementar a información que ofrece á cidadanía e á sociedade no seu conxunto, fomentando o coñecemento sobre a mesma, así como sobre as prestacións e servizos que desenvolve.

CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e réxime xurídico

1. Esta ordenanza ten por obxecto garantir a transparencia na actuación do Concello de Campo Lameiro de conformidade co previsto na Lei 19/2013, de 9 decembro, de transparencia, acceso da información pública e bo goberno; e demais normativa de aplicación, a través do establecemento dunhas normas que articule os medios necesarios para iso.

2. Así mesmo, recóllense os principios de bo goberno, é dicir, aqueles que deben rexer a actuación dentro do ámbito profesional dos cargos electivos, persoal directivo e eventual incluídos no ámbito de aplicación desta ordenanza.



Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Para os efectos desta ordenanza enténdense comprendidos no Concello de Campo Lameiro os posibles organismos autónomos e entidades públicas empresariais que poidan vincularse ou depender do mesmo, así como as sociedades de titularidade municipal que se poidan crear ou participadas maioritariamente por este Concello, as fundacións e consorcios que se adscriban ao mesmo, e demais entidades previstas na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

2. Calquera persoa física ou xurídica que preste servizos públicos ou que exerza funcións delegadas de control administración ou outro tipo de funcións que desenvolva o Concello de Campo Lameiro, en todo o referido á prestación dos mencionados servizos ou no exercicio das citadas funcións, deberá proporcionar a este Concello, previo requirimento e nun prazo de quince días, toda a información que lle sexa precisa para cumprir coas obrigas previstas pola normativa de aplicación.

Os adxudicatarios de contratos estarán suxeitos a igual obriga nos termos que se establezan nos pregos de cláusulas administrativas particulares ou no documento contractual equivalente, que especificarán a forma en que dita información deberá ser posta a disposición deste Concello.

Esta obriga será igualmente esixible ás persoas beneficiarias de subvencións nos termos previstos nas bases reguladoras das subvencións, na resolución de concesión ou nos convenios que as instrumenten.

Artigo 3. Principios xerais e obrigas de transparencia e acceso á información

1. Aplicaranse nas materias reguladas na presente ordenanza os principios xerais de publicidade activa previstos no artigo 5 da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.

2. Para o cumprimento das obrigas de transparencia e acceso á información, nos termos previstos nesta ordenanza, o Concello de Campo Lameiro obrígase a:

- a) Elaborar, manter, actualizada e difundir, preferentemente por medios electrónicos, a través da súa páxina Web ou portal específico de transparencia, a información esixida pola normativa e aquela outra cuxa divulgación se considere de maior relevancia para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública.
- b) Adoptar as medidas de xestión da información que fagan facilmente accesible a súa localización e divulgación, así como a súa accesibilidade, ás persoas con discapacidade.



- c) Publicar a información dunha maneira clara, estruturada, entendible, e preferiblemente, en formato reutilizable.
- d) Facilitar a información solicitada nos prazos e na forma establecida na normativa de aplicación.

3. As obrigas contidas nesta ordenanza enténdense sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevegan un réxime máis amplo en materia de publicidade.

Artigo 4. Atribucións e funcións

1. A Alcaldía–Presidencia de Concello de Campo Lameiro ostenta a atribución sobre transparencia e bo goberno, correspondéndolle ditar resolucións en materia de acceso á información pública, así como ditar as directrices de aplicación en relación á publicidade activa e o acceso á información pública, competencia que poderá ser delegada.

2. O responsable de transparencia dirixirá a unidade técnica que o asuma as seguintes funcións:

- a) O impulso da transparencia con carácter transversal na actividade xeral do Concello de Campo Lameiro
- b) A coordinación en materia de publicidade activa para o cumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza, e na normativa de aplicación, solicitando a información necesaria.
- c) A xestión das solicitudes de acceso á información de conformidade co previsto nesta ordenanza e na normativa de aplicación.
- d) O asesoramento para o exercicio do dereito de acceso e a asistencia na procura da información.
- e) A difusión da información pública a través de ligazóns ou formatos electrónicos por medio dos cales poida accederse á mesma.
- f) A proposta de medidas oportunas para asegurar a difusión da información e a súa posta a disposición da cidadanía, da maneira máis ampla e sistemática posible.
- g) Aqueloutras que, sexan necesarias para o cumprimento dos establecido nesta ordenanza e na normativa de aplicación.

3. Corresponden a cada unha das áreas, delegacións ou entes do Concello de Campo Lameiro as seguintes funcións:

- a) Facilitar a información requirida por o responsable de transparencia, para facer efectivos os deberes de publicidade activa aos que deriven do dereito e acceso á información, coa máxima prioridade e colaboración, tendo en conta, no seu caso, as directrices que se establezan.



- b) Verificar, no seu ámbito material de actuación, a correcta execución das obrigas de publicidade activa sinaladas na presente ordenanza, resultados responsables da integridade, veracidade e actualidade da información incorporada, a cuxo efecto poderán propoñer as correccións necesarias á unidade de transparencia e á unidade responsable do soporte técnico.
- c) Propoñer ao responsable de transparencia a ampliación da publicidade activa no seu ámbito material de actuación.
- d) Nos supostos nos que na información consten datos de carácter persoal deberán disocialos nos casos de contestación ao dereito de acceso ou determinar a forma de acceso parcial para o cumprimento dos deberes de publicidade activa.
- e) Aqueloutras que, en atención ás competencias que teñen asignadas, sexan necesarias para o cumprimento do establecido nesta ordenanza e na normativa de aplicación.

Artigo 5. Dereitos e obrigacións da cidadanía e límites

No ámbito do establecido nesta ordenanza, respecto dos dereitos e obrigas das persoas e límites no dereito de acceso á información pública, estarase ao establecido na Sección 1ª do Capítulo III da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Artigo 6. Exención de responsabilidade

O Concello Campo Lameiro non será, baixo ningún concepto, responsable do uso que calquera persoa ou entidade faga da información publicada ou á que tivese dereito.

CAPÍTULO II PUBLICIDADE ACTIVA DA INFORMACIÓN

Artigo 7. Obxecto e definición da publicidade activa

1. O Concello de Campo Lameiro publicará, a iniciativa propia, a información pública cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade e, en todo caso, a información cuxo contido se detalla nos artigos 10 ó 17. Dita información ten carácter de mínimo obrigatorio, sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade, ou da posibilidade de ampliar o seu contido a vontade deste Concello.

2. Enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta ordenanza e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.



Artigo 8. Lugar de publicación e prazos

1. A información publicarase na páxina Web do Concello de Campo Lameiro ou, no seu caso, no portal específico de transparencia.

2. O Concello de Campo Lameiro poderá adoptar outras medidas complementarias e de colaboración co resto de administracións públicas para o cumprimento das súas obrigas de publicidade activa, incluíndo a utilización de portais de transparencia e de datos abertos doutras administracións públicas.

Artigo 9. Obrigas específicas

O Concello de Campo Lameiro publicará a seguinte información:

1. INFORMACIÓN INSTITUCIONAL E XURÍDICA

- a) Sedes físicas, direccións, horarios de atención ao público, teléfonos, correos electrónicos e enlaces web.
- b) A normativa que sexa de aplicación ao Concello de Campo Lameiro.
- c) Delegacións de competencias vixentes.
- d) Relación de órganos colexiados do Concello de Campo Lameiro.
- e) As relacións de postos de traballo, catálogos de postos ou documentos equivalente referidos a todo tipo de persoal, con indicación das súas retribucións anuais.
- f) A oferta pública de emprego ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal.
- g) A identificación das persoas que forman parte dos órganos de representación do persoal.
- h) As ordenanzas, regulamentos e outras disposicións de carácter xeral que se tramiten por este Concello, unha vez aprobadas inicialmente polo pleno.
- i) Os documentos que, conforme á lexislación sectorial vixente, deban ser sometidos a un período de información pública durante a súa tramitación.
- j) O inventario xeral de bens e dereitos do Concello de Campo Lameiro
- k) Orde do día das sesións do pleno, así como as actas correspondentes.

2. INFORMACIÓN SOBRE CARGOS ELECTIVOS, PERSOAL DIRECTIVO E EVENTUAL.

O Concello de Campo Lameiro publicará a seguinte información:

- a) A identificación dos seus cargos electivos, persoal directivo e eventual, número de postos reservados a persoal eventual, retribucións de calquera natureza percibidas anualmente e indemnizacións percibidas, no seu caso, con ocasión do cesamento no cargo.



- b) As declaracións anuais de bens e actividades, nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

3. INFORMACIÓN SOBRE CONTRATOS, CONVENIOS E SUBVENCIONS.

O Concello de Campo Lameiro publicará a seguinte información:

- a) Todos os contratos formalizados, con indicación do seu obxecto, importe de licitación e adxudicación, duración, con expresión das prórrogas, procedemento utilizado para a súa celebración, publicidade, número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións e prórrogas do contrato ou declaración de nulidade, así como os casos de posibles revisións de prezos e cesión de contratos. Igualmente, serán obxecto de publicación as decisións de desestímulo e renuncia dos contratos e as subcontratacións que se realicen con mención das persoas adxudicatarias.
- b) Os contratos menores que se realicen, conforme se determine nas bases de execución do orzamento.
- c) As subvencións e axudas públicas concedidas con indicación da convocatoria ou a resolución de concesión no caso de subvencións excepcionais, o programa e crédito orzamentario ao que se imputan, o seu importe, obxectivo ou finalidade e persoas beneficiarias.

4. INFORMACIÓN ECONÓMICA, FINANCEIRA, ORZAMENTARIA E ESTATÍSTICA.

O Concello de Campo Lameiro publicará a seguinte información:

- a) A débeda pública con indicación da súa evolución, do endebedamento por habitante e do endebedamento relativo.
- b) A información estatística necesaria para valorar o grao de cumprimento e calidade dos servizos públicos que sexan da súa competencia, nos termos que defina este Concello.
- c) Período medio de pago a provedores.

CAPÍTULO III DEREITO DE ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA

Artigo 10. Titularidade e réxime xurídico

1. Calquera persoa ou entidade poderá solicitar o acceso á información pública sen necesidade de motivar a súa solicitude. Con todo, poderá expoñer os motivos polos que solicita a información que poderán ser tidos en conta cando se dite a oportuna resolución.

2. O exercicio do dereito de acceso rexerá polo establecido na lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.



3. O acceso á información será gratuito. Con todo, a expedición de copias ou a transposición da información a un formato diferente ao orixinal, poderá dar lugar á esixencia de exaccións.

Artigo 11. Tramitación das solicitudes de acceso á información

1. A solicitude, dirixida á Alcaldía–Presidencia do Concello de Campo Lameiro, deberá conter:

- a) A identidade do solicitante.
- b) Unha descrición da información solicitada que sexa suficiente para determinar o conxunto de datos de documentos aos que se refire.
- c) Dirección a efectos de notificación.

2. A solicitude será tramitada polo responsable de transparencia, que será o/a encargado/a de solicitar a información necesaria da área, delegación ou ente correspondente.

3. A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse ao solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitaron, no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

Este prazo poderá ampliarse por outro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita así o fagan necesario e previa notificación ao solicitante.

4. Se a información xa foi publicada, a resolución poderá limitarse a indicar ao solicitante como pode acceder a ela.

5. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditou e notificado resolución expresa entenderase que a solicitude foi desestimada.

CAPÍTULO IV BO GOBERNO

Artigo 12. Principios de bo goberno

1. Os cargos electivos, persoal directo e eventual do Concello de Campo Lameiro, no exercicio das súas funcións, rexeranse polo disposto na Constitución Española e no resto de ordenamento xurídico, e promoverán sempre o interese público sobre calquera outro.

2. Así mesmo, ademais dos previstos noutra normativa que lle resulte de aplicación, adecuarán a súa actividade aos seguintes:

- a) Principios xerais.
 - 1º Actuarán con transparencia na xestión dos asuntos públicos, de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia e co obxectivo de satisfacer o interese xeral.



2º Exercerán as súas funcións con dedicación ao servizo público, absténdose de calquera conduta que sexa contraria a estes principios.

3º Respetarán o principio de imparcialidade, de modo que manteñan un criterio independente e alleo a todo interese particular.

4º Asegurarán un trato igual e sen discriminacións de ningún tipo no exercicio das súas funcións.

5º Actuarán con dilixencia debida no cumprimento das súas obrigas e fomentarán a calidade na prestación de servizos públicos.

6º Manterán unha conduta digna, e tratarán aos cidadáns con esmera corrección.

7º Asumirán a responsabilidade das decisións e actuacións propias e dos organismos que dirixen, sen prexuízo doutras que fosen esixibles legalmente.

b) Principios de actuación.

1º Desempeñarán a súa actividade con plena dedicación e con pleno respecto á normativa reguladora das incompatibilidades e conflitos de intereses.

2º Gardarán a debida reserva respecto dos feitos ou informacións coñecidos con motivo ou ocasión do exercicio das súas competencias.

3º Poñerán en coñecemento dos órganos competentes calquera actuación irregular da cal teñan coñecemento.

4º Exercerán os poderes que lles atribúe a normativa vixente coa finalidade exclusiva para a que foron outorgados, e evitarán toda acción que poida poñer en risco e interese público ou o patrimonio do Concello de Campo Lameiro.

5º Non se implicarán en situacións, actividades ou intereses incompatibles coas súas funcións e absteranse de intervir nos asuntos en que conorra algunha causa que poida afectar ó desenvolvemento das súas funcións.

6º Non aceptarán para si agasallos que superen os usos habituais, sociais ou de cortesía, nin favores ou servizos en condicións vantaxosas que poidan condicionar o desenvolvemento das súas funcións. No caso de obsequios dunha maior relevancia institucional procederase á súa incorporación ao patrimonio deste Concello.

7º Desempeñarán as súas funcións con Transparencia.

8º Xestionarán protexerán e conservarán adecuadamente os recursos públicos, que non poderán ser utilizados para actividades que non sexan as permitidas pola normativa que sexa de aplicación.

9º Non se valerán da súa posición neste Concello para obter vantaxes persoais ou materiais.



CAPÍTULO V RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 13. Réxime de infraccións e sancións

O incumprimento das obrigacións previstas na presente ordenanza sancionárase de conformidade ao disposto na normativa que lle resulte de aplicación.

Facultar ao Sr. Alcalde–Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto ».

Recursos procedentes:

Contra este acordo poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso–administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

